



Concello de Vigo  
Expte. 5250/1101

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 23/2025

### SESIÓN ORDINARIA DO 29 DE DECEMBRO DE 2025

#### ORDE DO DÍA

1. **Actas anteriores:** ordinaria do 24 de novembro e extraordinaria do 10 de decembro 2025.

#### PARTE RESOLUTIVA

##### **Ditames das comisións informativas:**

##### ORZAMENTOS E FACENDA

2. Inclusión de determinados investimentos como investimentos financeiramente sostibles (IFS). Expte. 96/142 (Expte. Pleno 5244/1101).

##### SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

3. Solicitud de recoñecemento de compatibilidade. Expediente 47996/220. (Expte. Pleno 5251/1101).

##### **Mocións:**

4. Moción do grupo municipal Socialista esixindo a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a adopción de medidas nos centros educativos vigueses. Expte. 5254/1101.
5. Moción do grupo municipal Socialista sobre medidas no CIFP Manuel Antonio. Expte. 5256/1101.



6. Moción do grupo municipal Socialista solicitando a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial a cofinanciación das obras do Estadio de Balaídos. Expte. 5257/1101.
7. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a adopción de medidas en materia de teleasistencia. Expte. 5258/1101.
8. Moción do grupo municipal Socialista solicitando o cese da Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático. Expte. 5255/1101.

## **PARTE DE CONTROL**

### **Mocións.**

9. Moción do grupo municipal do BNG sobre a definición das zonas de baixas emisións na cidade de Vigo. Expte. 5252/1101.
10. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno local a impulsar medidas reais e efectivas a prol do pequeno e mediano comercio de Vigo diante da crise que atravesamos. Expte. 5253/1101.

### **Resolucións.**

11. Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as de Área de Goberno e concelleiros/as delegados/as; dación de conta. Expediente 1483/1102. (Expte. Pleno 5205/1101).
12. Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 17/11/25 e o 18/12/25; dación de conta. Incluídas no expediente do Pleno 5248/1101.
13. Resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 17/11/25 e o 18/12/25; dación de conta. Incluídas no expediente do Pleno 5247/1101.

### **14. Formulación de rogos.**

### **15. Formulación de preguntas.**

#### ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA      POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Ilmo. Sr. Alcalde

Alonso Suárez, Olga

Caride Estévez, María José  
Espinosa Mangana, Elena

Benavides Alonso, Daniel  
González Abeijón, Fernando  
Martín Peña, Jose Miguel  
Sánchez Méndez, M<sup>a</sup> Luisa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 2 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Estévez Rodríguez, Pablo Luis  
Fernández Pérez, José Manuel (presen-  
cia telemática)  
Gómez Díaz, Gorka  
Iglesias González, Ana Laura  
Iglesias López, Patricia  
Lago Barreiro, M.ª del Carmen  
López Font, Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana Maria  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Calviño, Patricia  
Rodríguez Rodríguez, Nuria  
Silva Rego, Mª Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe  
Martínez Piñeiro, Ana  
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Aguiar Castro, Yolanda, concelleira do grupo municipal Socialista.  
Aneiros Pereira, Jaime, concelleiro do grupo municipal Socialista.  
García González, Patricia, concelleira do grupo municipal do Partido Popular.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos (09:10 h.) do día vinte e nove de decembro do ano dous mil vinte e cinco (29/12/25), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

**\*.- Incidencia: O Sr. Alcalde Presidente da sesión, con base no art. 53, parágrafo segundo, do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), anuncia a retirada do punto número 7 que figura na Orde do Día do Pleno remitido coa convocatoria, renumerando correlativamente a continuación os asuntos incluídos na devandita Orde do Día.**

**1.(206). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 24 DE NOVEMBRO E EXTRAORDINARIA DO 10 DE DECEMBRO 2025.**

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (24) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito, apróbanse as seguintes actas:

- Sesión núm. 20/2025 ordinaria, celebrada o 24/11/25
- Sesión núm. 21/2025 extraordinaria, celebrada o 10/12/25



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 3 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## **PARTE RESOLUTIVA**

### **DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

#### **2.(207). INCLUSIÓN DE DETERMINADOS INVESTIMENTOS COMO INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES (IFS). EXPTE. 96/142 (EXPTE. PLENO 5244/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 11 de decembro de 2025, a Dirección Superior Contable e Orzamentación, co conforme do concelleiro de Orzamentos e Facenda, emite o seguinte informe proposta

#### **«Antecedentes**

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria do día 18 de setembro de 2025, aprobou con carácter definitivo a modificación orzamentaria 56,56A correspondente ao expediente 96/142, sendo publicada no BOPPO nº 181 de 23 de setembro de 2025.

Na proposta de aprobación inicial, facíase constar xa a posibilidade de que no transcurso do ano 2025, se habilitase a posibilidade da utilización do superávit da liquidación do ano 2024.

Como consecuencia da publicación no Boletín Oficial do Estado, BOE nº 290, de 3 de decembro de 2025, do Real decreto lei 15/2025, do 2 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes para favorecer a actividade investidora das entidades locais e das comunidades autónomas, solicitouse á Área de Fomento a cualificación e xustificación deste tipo de empregos tendo en conta o expediente 96/142, na que xa se facía constar que de aprobarse norma sobre a utilización do superávit, elevaríase ao Pleno da Corporación a relación de empregos que son cualificados como IFS no devandito expediente.

Contido na proposta de aprobación inicial.

#### **Destino do superávit**

A regra xeral (artigo 32 da LOEPSF), en virtude da cal debe destinarse a amortizar anticipadamente débeda.

E a regra especial prevista na Disposición Adicional 6ª da LOEPSF, que regula a posibilidade de investir o superávit en Investimentos Financeiramente Sustentables ( en diante, IFS).

No que respecta á regra especial, polo momento non se ordenou a súa prórroga para o exercicio en curso, aínda que se descoñece se esta producirase nos próximos meses.

O Concello de Vigo e o seu grupo de consolidación, non aplica a regra xeral, xa que non ten débeda financeira pendente de amortizar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 4 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Tampouco é de aplicación, polo mesmo motivo, a aplicación do previsto no artigo 12.5 da LOEPSF en relación coa recadación de ingresos efectivos maiores que os previstos.

A Disposición Adicional 6ª da LOEPSF, en canto regra especial, constitúe unha excepción á regra xeral de destino do superávit do artigo 32 da LOEPSF, e permite destinar o superávit a outros usos distintos da amortización anticipada débeda, entre os que se atopan os investimentos financeiramente sustentables (IFS).

A vixencia da devandita disposición é anual, de modo que a súa aplicación esixe prórroga, ano tras ano, a través dunha norma con rango de lei, xa sexa mediante a Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou mediante un Real Decreto-lei.

Os destinos alternativos do superávit orzamentario que recoñece o D.A.6ª da LOEPSF son:

Atender obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior. Cancelar, posteriormente, o resto das obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.

Financiar investimentos financeiramente sustentables ( IFS) cos requisitos previstos na Disposición Adicional Décimosexta (D.A.16ª) do TRLRHL.

Poderán recorrer a estes destinos alternativos todas aquelas entidades que conten cun RLTTGG positivo e superávit, con independencia de se teñen ou non débeda.

### **Facíase constar na proposta da Modificación orzamentaria 56, 56A/2025. Anticipación por si se da cumprimento aos requisitos D.A.16ª do TRLRHL**

Aos efectos da modificación orzamentaria en trámite, si se habilitase a prórroga da DA 6ª da LOEPSF unha vez aprobada a modificación orzamentaria ou en trámite, elevaríase ao Pleno da Corporación, proposta concreta para aprobar como IFS as que den cumprimento ao previsto na Disposición Adicional Décimosexta (D.A.16ª) do TRLRHL, posibilidade que se informou positivamente pola Secretaria Xeral de Financiamento Autonómica e Local, polo que se incluírá un apartado específico na proposta.

Na proposta a se facía constar que se daba cumprimento a todos os requisitos esixidos pola DA 6ª da LOEPSF:

Hai RLTTGX positivo.

Hai Superávit.

Non hai débeda financeira pendente de amortizar

O período medio de pago do mes de maio<sub>2025</sub> (data de tramitación da proposta) da entidade é de 8,25 días, o do conxunto do ano (xaneiro-maio<sub>2025</sub>), é de 8,43 días, e o do grupo de consolidación do mes de maio<sub>2025</sub> é de 8,41 días.

En canto aos requisitos da (D.A.16ª) do TRLRHL, serían todas IFS coa excepción das que se corresponden co capítulo 2 do estado de gastos.

De someter no seu momento a proposta de cualificar os investimentos como IFS ao Pleno da Corporación, habería que incorporar un informe na que se acredita que:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 5 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A vida útil dos investimentos é superior a 5 anos.

Que o investimento é sustentable e posibilita o cumprimento dos obxectivos de estabilidade e débeda.

Que o investimento non xera un gasto recorrente, polo tanto, non require unha proxección do mesmo durante a súa vida útil.

No entanto o anterior, so será considerada como IFS, si o gasto está comprometido ao peche do ano 2025 e a súa execución remata a 31 de decembre do ano 2026.

**Na parte dispositiva da proposta de aprobación INICIAL, incluía o apartado seguinte:**

**DÉCIMO.-** Si se habilitase a prórroga da DA 6ª da LOEPSF unha vez aprobada a modificación orzamentaria ou si estivese en trámite, elevaríase ao Pleno da Corporación, proposta concreta para aprobar como IFS os investimentos que den cumprimento ao previsto na Disposición Adicional Décimosesta (D.A.16ª) do TRLRHL, posibilidade que se considerou favorable pola Secretaria Xeral de Financiamento Autonómica e Local.

Dáse cumprimento a todos os requisitos esixidos pola DA 6ª da LOEPSF:

Hai RLTTG positivo.

Hai Superávit da Liquidación do ano 2024.

Non hai débeda financeira pendente de amortizar.

O período medio de pago do mes de maio da entidade é de 8,25 días, o do conxunto do ano (xaneiro-maio), é de 8,43 días, e o do grupo de consolidación do mes de maio é de 8,41 días.

En canto aos requisitos da (D.A.16ª) do TRLRHL, serían todas IFS coa excepción das que se corresponden co capítulo 2 do estado de gastos.

De ser o caso, habería que incorporar un informe na que se acreditase o seguinte:

Que a vida útil dos investimentos dos IFS é superior a 5 anos.

Que o investimento é sustentable e posibilita o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda.

Que o investimento non xera un gasto recorrente, polo tanto, non require unha proxección do mesmo durante a súa vida útil, é dicir, que o investimento en termos de mantemento e funcionamento non pon en risco a sostibilidade financeira e orzamentaria.

**Na parte dispositiva da proposta DEFINITIVA que aprobou o Pleno da Corporación na sesión do 18 de setembro, reflectíase o seguinte apartado:**

**SIXTO.-** Si se habilitase a prórroga da DA 6ª da LOEPSF unha vez aprobada definitivamente a modificación orzamentaria nº: 56, 56A/2025, elevaríase ao Pleno da Corporación, proposta concreta para aprobar como IFS os investimentos que den cumpro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 6 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

mento ao previsto na Disposición Adicional Décimosexta (D.A.16ª) do TRLRHL, posibilidade que se considerou favorable pola Secretaria Xeral de Financiamento Autonómica e Local.

Dáse cumprimento a todos os requisitos esixidos pola DA 6ª da LOEPSF.

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Disposición Adicional sexta da Lei orgánica 2/2016, introducida pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, polo que se modifica o artigo 32 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A Disposición adicional décimo sexta introducida pola disposición final primeira do R.D.- lei 2/2014, de 21 de febreiro ao Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL), delimita os requisitos que debe ter o Investimento financeiramente sustentable.

No apartado 6 da precitada DA, establece que o expediente de gasto que se tramite incorporará unha memoria económica específica, subscrita polo Presidente da Corporación Local, ou a persoa da Corporación Local en quen delegue, na que se conterá a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil. O órgano interventor da Corporación Local informará acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica do investimento en relación cos criterios establecidos nos apartados anteriores.

En relación co anterior, a memoria avaliativa da proxección económica dos investimentos e a súa repercusión orzamentaria en termos de estabilidade e sustentabilidade financeira, foi incorporado ao expediente 96/142. A proxección ten o fundamento técnico na información que se estima da Liquidación do orzamento do ano 2025.

Real Decreto Lei 1/2018, polo que se fai unha nova regulación da DA décimo sexta do TRLRFL.

Real Decreto-lei 15/2025, de 2 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes para favorecer a actividade inversora das entidades locais e das comunidades autónomas

## **CONDICIÓNS QUE DEBE CUMPRIR A ENTIDADE PARA PODER APLICAR O SUPERÁVIT SEC-2010 DA LIQUIDACIÓN DE 2024**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 7 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Que a entidade cumpra ou non supere os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.
- Que no exercicio anterior, 2024, se de simultaneamente un superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira da Lei 2/2012.
- Non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.
- Que se atope ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.

### CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS

- A Liquidación do orzamento do ano 2024, pechouse cun Remanente de Tesourería positivo da Entidade de 173.223.723,70 euros e consolidado de 186.311.820,07 euros, polo que a contía é moi superior ao Superávit.
- O Aforro neto Consolidado foi de 63.280.280,43 euros.
- A Conta 413, non ten pendente de pago contía algunha.
- Superávit. Segundo consta na oficina virtual do Ministerio de Hacienda, esta magnitude é a seguinte: Entidade: 47.465.360,78 euros, Xerencia Municipal de Urbanismo 1.828.563,69 euros, Fundacións: MARCO -15.366,31, C. Bureau 26.184, 33 euros. Consolidado, grupo Administración Pública Concello de Vigo: 49.304.742,49 euros.
- Cumprimento da Regra de gasto para o perímetro de consolidación: 8.811.413,00 euros.
- Período de pago a provedores no ano 2024, acumulado: Entidade 9,65 días.
- Período de pago a provedores 2025 acumulado a novembro: 7,12 días.
- O gasto proposto ten a súa aplicación ao capítulo 6 do estado de gastos.
- A vida útil dos investimentos é maior que 5 anos, faise constar no informe económico e xustificación da Área de Fomento, reflectindo a sínteses na memoria xustificativa.
- Achégase para cada caso, unha xustificación da mellora e dos aforros que se producen cos investimentos.
- Non hai investimentos xeradores de gasto no capítulo 1 ou 2. Si fose o caso, tamén se incorpora estimación de ingresos.
- Estar ao corrente nas obrigas coa Tesourería da SS, AEAT e ATRIGA: Achéganse certificados positivos, certificados de 02/12/2025 e 28/11/2025 respectivamente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 8 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES QUE SE FINANCIAN CO SUPERÁVIT SEC-2010, LIQUIDACIÓN 2024

Os investimentos que se relacionan para os grupos de programa, están incluídos como empregos na modificación orzamentaria 56, 56A/2025, do expediente 96/142, que foron financiados con RLTX, que son susceptibles de cualificar como IFS , que dan cumprimento a todos os requisitos que establece a Disposición Adicional Décimosexta (D.A.16ª) do TRLRHL.

### Proxectos de investimentos incluídos no grupo de programa 153. VÍAS PÚBLICAS, que están incluídos no expediente 96/142, modificación orzamentaria 56, 56A/2025 que son cualificados como IFS en aplicación da DA 6ª da LOEPSF e DA 16ª do TRLRFL.

Aplicación	Proxecto	Concepto de Emprego	importe
1532/6190042	25153242	Humanización Rúa Progreso, Dr. Cadaval- rúa Pracer	1.200.000,00
1532/6190043	25153243	Humanización Rúa Mondariz	860.000,00
1532/6190045	25153245	Humanización Rúa Tomiño	695.000,00
1532/6190058	25153258	Mellora instalacións no túnel de Beiramar	2.900.000,00
1532/6190059	25153259	Plan de renovación de firmes viario do Municipio	7.635.000,00
1532/6190066	22153266	Beirarrúas Cesáreo Vázquez, P Canido e R.Mella	975.000,00
<b>Total</b>			<b>14.265.000,00</b>

### Proxectos de investimentos incluídos no grupo de programa 323. EDUCACIÓN, que están incluídos no expediente 96/142, modificación orzamentaria 56, 56A/2025

Aplicación	Proxecto	Concepto de Emprego	importe
3230/6320042	23323042	Cubrición Patio de Colexio Celso Emilio Ferreiro	755.000,00
3230/6320043	25323043	Cubrición Patio de Colexio Lope de Vega	1.095.000,00
<b>Total</b>			<b>1.850.000,00</b>

### Proxectos de investimentos incluídos no grupo de programa 342. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, que están incluídos no expediente 96/142, modificación orzamentaria 56, 56A/2025

Aplicación	Proxecto	Concepto de Emprego	importe
3420/6320042	25342042	Reparación cuberta Pavillón de Coruxo	250.000,00
3420/6320043	25342043	Reparación cuberta Pavillón Frontón cuberto	250.000,00
3420/6320047	25342047	Vestiaros campo fútbol da BOUZA	941.000,00
3420/6320049	25342049	Vestiaros campo fútbol de SAN ANDRÉS DE COMESAÑA	941.000,00
3420/6320051	25342051	Vestiaros campo fútbol de SANTA MARIÑA	818.000,00
3420/6320052	25342052	Vestiaros campo fútbol de CARBALLAL	941.000,00
3420/6320053	25342053	Vestiaros campo fútbol de CANDEÁN	941.000,00
3420/6320054	25342054	Vestiaros campo fútbol de MENXUEIRO	818.000,00
<b>Total</b>			<b>5.900.000,00</b>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 9 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## Total IFS

Vías e Obras	Educación	Instalacións deportivas	Total IFS
14.265.000,00	1.850.000,00	5.900.000,00	22.015.000,00

A vista dos informes técnicos, queda xustificada en cada caso, o cumprimento de que os investimentos cualificados como IFS cumpren cunha vida útil superior a 5 anos.

Non son xeradores de gasto, senón que diminúen o gasto de mantemento nos próximos anos.

Teñen unha previsión de compromiso de gasto e de execución nos prazos que regula o RD-lei 15/2025.

Son todos empregos do capítulo 6 do estado de gastos.

Os investimentos cualificados como IFS son por unha contía 22.015.000,00 euros, inferior que o superávit SEC-2010 da Liquidación do Orzamento 2024, Entidade: 47.465.360,78 euros, Xerencia Municipal de Urbanismo 1.828.563,69 euros, Fundacións: MARCO -15.366,31, C. Bureau 26.184, 33 euros. Consolidado, grupo Administración Pública Concello de Vigo: 49.304.742,49 euros

### PROPOSTA.

En consecuencia, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa o seguinte acordo.../..."

*Ditame:* En data de 23 de decembro de 2025, a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

### VOTACIÓN PROPOSTA DITAMINADA:

•*Votos a favor:* dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia

•*Votos en contra:* Non houbo.

•*Abstencións:* sete (7), tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, mais catro (4) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

### ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 10 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Con dezasete (17) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e sete (7) abstencións, dos membros do grupo municipal do BNG e os membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

**“Primeiro.** Incluír como Investimentos Financeiramente Sostibles en aplicación do Real Decreto Lei 15/2025, de 2 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes para favorecer a actividade inversora das entidades locais e das comunidades autónomas..., os empregos que se relación, por dar cumprimento aos requirimentos que establece a Disposición Adicional 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e Disposición adicional 16ª do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**Proxectos de investimentos incluídos no grupo de programa 153. VÍAS PÚBLICAS, que están incluídos no expediente 96/142, modificación orzamentaria 56, 56A/2025 que son cualificados como IFS en aplicación da DA 6ª da LOEPSF e DA 16ª do TRLRFL.**

Aplicación	Proxecto	Concepto de Emprego	importe
1532/6190042	25153242	Humanización Rúa Progreso, Dr. Cadaval- rúa Pracer	1.200.000,00
1532/6190043	25153243	Humanización Rúa Mondariz	860.000,00
1532/6190045	25153245	Humanización Rúa Tomiño	695.000,00
1532/6190058	25153258	Mellora instalacións no túnel de Beiramar	2.900.000,00
1532/6190059	25153259	Plan de renovación de firmas viario do Municipio	7.635.000,00
1532/6190066	22153266	Beirarrúas Cesáreo Vázquez, P Canido e R.Mella	975.000,00
<b>Total</b>			<b>14.265.000,00</b>

**Proxectos de investimentos incluídos no grupo de programa 323. EDUCACIÓN, que están incluídos no expediente 96/142, modificación orzamentaria 56, 56A/2025**

Aplicación	Proxecto	Concepto de Emprego	importe
3230/6320042	23323042	Cubrición Patio de Colexio Celso Emilio Ferreiro	755.000,00
3230/6320043	25323043	Cubrición Patio de Colexio Lope de Vega	1.095.000,00
<b>Total</b>			<b>1.850.000,00</b>

**Proxectos de investimentos incluídos no grupo de programa 342. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, que están incluídos no expediente 96/142, modificación orzamentaria 56, 56A/2025**

Aplicación	Proxecto	Concepto de Emprego	importe
3420/6320042	25342042	Reparación cuberta Pavillón de Coruxo	250.000,00
3420/6320043	25342043	Reparación cuberta Pavillón Frontón cuberto	250.000,00
3420/6320047	25342047	Vestiaros campo fútbol da BOUZA	941.000,00
3420/6320049	25342049	Vestiaros campo fútbol de SAN ANDRÉS DE COMESAÑA	941.000,00
3420/6320051	25342051	Vestiaros campo fútbol de SANTA MARIÑA	818.000,00
3420/6320052	25342052	Vestiaros campo fútbol de CARBALLAL	941.000,00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 11 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

3420/6320053	25342053	Vestuarios campo fútbol de CANDEÁN	941.000,00
3420/6320054	25342054	Vestuarios campo fútbol de MENXUEIRO	818.000,00
<b>Total</b>			<b>5.900.000,00</b>

**Total IFS**

Vías e Obras	Educación	Instalacións deportivas	Total IFS
14.265.000,00	1.850.000,00	5.900.000,00	22.015.000,00

**Segundo.-** A autorización e compromiso dos gastos que conforman os IFS, tense que producir nos anos 2025-2026, a execución nos anos 2025-2027, sendo o límite do superávit, o correspondente á Liquidación do ano 2024, neste caso, a contía dos IFS, 22.015.000,00 euros.

**Terceiro.-** Os IFS executados non computan na regra de gasto, sempre que se cumpran as condicións establecidas.

**Cuarto.-** Os remanentes que se incorporen correspondentes ao superávit 2024, financiaranse con RLTXG do ano inmediatamente anterior, que quedará afectado a ese fin por ese importe.

**Quinto.-** Darase conta ao Ministerio de Hacienda sobre a execución dos investimentos executados en aplicación do previsto na DA 16ª do TRLRFL .

**Sexto.-** O superávit pendente de utilizar que pode ser autorizado e comprometido no ano 2026, sempre e cando exista un RLTXG positivo, é por unha contía de 25.450.360,78 euros."

**3.(208). PROPOSICIÓN SOBRE SOLICITUDE RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE. EXPEDIENTE 47996/220. (EXPTE. PLENO 5251/1101).**

ANTECEDENTES: Con data 19 de decembro a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, co conforme da concelleira de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e da concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta,

**<<ANTECEDENTES**

**I.-**En doc. nº 250347746 solicítase por Dª M. Parajó Calvo, Titular da Asesoría Xurídica Municipal (NP 79131) o recoñecemento da compatibilidade para o desempeño da función de Profesora substituta na materia de Dereito Administrativo Económico, na Universidade de Vigo,

Consta no rexistro de persoal do Concello de Vigo que a solicitante, funcionaria de carreira do Concello de Vigo, é titular dunha praza en propiedade de técnica de Administración Xeral, rama xurídica, subgrupo A1 de titulación, acreditando a Licenciatura en Dereito. A mesma atópase actualmente na situación administrativa de servizos especiais -declarada en acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de agosto do 2011, expe-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 12 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

diente nº 22.219-220- ao ter sido nomeada para a titularidade dun órgano directivo municipal, a Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal, regulado nos arts. 129 e 130 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e existente nos municipios sometidos ao réxime de gran poboación.

**II.-** A interesada aporta coa solicitude a documentación seguinte:

1. Certificado expedido pola Secretaria Xeral da Universidade de Vigo do acordo do Consello de Goberno de data 29/10/2024, de aprobación da asimilación, aos efectos de incompatibilidades, da figura do profesor universitario substituto a tempo parcial coa do profesor universitario asociado.
2. Resolución da Vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica pola que se acorda o chamamento da solicitante no marco do procedemento interno de contratación de profesorado.
3. Táboa de retribucións publicada pola Universidade de Vigo para a adicación 3- cuatrimestral.
4. Certificado do Tesoureiro Municipal do Concello de Vigo indicativo das retribucións mensuais da interesada.
5. Documento detallando as condicións da docencia para a que se solicita o recoñecemento de compatibilidade.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- SOBRE O RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES DO PERSOAL DIRECTIVO PÚBLICO PROFESIONAL. ESPECIAL REFERENCIA AOS ÓRGANOS DIRECTIVOS NOS MUNICIPIOS DE GRAN POBOACIÓN.

A regulación normativa do réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público recóllese na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (LIN); norma vixente consonte ao establecido na disposición final Cuarta do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP) e que ten o carácter de norma básica.

A mesma inclúe no seu ámbito de aplicación ao persoal ao servizo das Corporacións Locais e dos organismos delas dependentes (art. 2.1, letra c)

Tamén con carácter básico, o citado TRLEBEP regula no seu art. 12 a figura do persoal directivo profesional, establecendo que *"es personal directivo el que desarrolla funciones directivas profesionales en las Administraciones Públicas, definidas como tales en las normas específicas de cada Administración" (apartado 1)*

No caso das entidades locais sometidas ao réxime municipal de gran poboación, como é o Concello de Vigo, existe a previsión normativa expresa -tamén con carácter básico- determinando a existencia necesaria dunha serie de órganos directivos, entre os que se recolle aquel denominado "Titular da Asesoría Xurídica Municipal" (art. 130.1, apartado B, letra d) LBRL). E no apartado 4 subseguinte do mesmo precepto recóllese que *"los órganos superiores y directivos quedan sometidos al régimen de incompatibilidades establecido en la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del personal al servicio de las Administraciones públicas, y en otras normas estatales o autonómicas que resulten de aplicación"*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 13 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Por tanto, queda claramente determinada pola regulación normativa básica a inclusión no ámbito subxectivo da LIN do persoal directivo profesional que presta servizos nas Administracións Locais sometidas ao réxime municipal de gran poboación.

Debe considerarse que a propia regulación básica obriga ás Administracións Públicas a declarar na situación administrativa de servizos especiais (art. 87.1, letra f) do TRLE-BEP) ao persoal funcionario, e entre outros supostos, *"cuando se desempeñen cargos electivos retribuídos y de dedicación exclusiva en las Asambleas de las ciudades de Ceuta y Melilla y en las entidades locales, **cuando se desempeñen responsabilidades de órganos superiores y directivos municipales y cuando se desempeñen responsabilidades de miembros de los órganos locales para el conocimiento y la resolución de las reclamaciones económico-administrativas**";* debendo indicar que esta obriga normativa de declaración dunha situación administrativa distinta á de servizo activo non concorre no suposto do nomeamento para órganos directivos reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional por imperativo normativo expreso (art. 58.1 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, que preceptúa que *"se considerará en situación de servizo activo a los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional que ocupen puestos de trabajo a ellos reservados en Entidades Locales, en las Comunidades Autónomas uniprovinciales y en las ciudades de Ceuta y Melilla"*)

A exposición anterior considérase imprescindible, aos efectos de que polo órgano municipal competente para o recoñecemento da compatibilidade instada se teña pleno coñecemento da regulación normativa e das singularidades propias da figura do persoal directivo profesional, ao ser o Pleno da Corporación un órgano normativamente asignado ao exercicio de competencias distintas ás da xestión ordinaria do persoal -a salvo dos expedientes de recoñecemento de compatibilidade e daqueles outros asuntos que expresamente teña atribuídos pola regulación normativa vixente-. Sendo esencial, tanto en garantía de dereitos fundamentais do persoal municipal como en cumprimento e observancia polos poderes públicos dos principios de interdicción da arbitrariedade (art. 9.3 CE 1978) e de obxectividade (art. 103.1 CE 1978) un exercicio de responsabilidade institucional consciente, colectivo e adecuado, tendente a evitar que no desenvolvemento do lexítimo debate político se infira na esfera de dereitos do persoal municipal, entre o que se atopa o persoal directivo profesional, que presta unha valiosa contribución profesional á institución, e por conseguinte, á cidadanía de Vigo.

Exposto o anterior, cómpre sinalar que a citada Lei de Incompatibilidades (LIN) establece como regra xeral a da incompatibilidade, establecendo igualmente unha serie de excepcións, normativamente establecidas nos artigo 4 (docencia universitaria) e no artigo 19 (actividades permitidas); e é dentro da primeira das excepcións- a da docencia universitaria- dentro da cal se enmarca o procedemento instado pola interesada.

O art. 4.1. LIN recolle que *"podrá autorizarse la compatibilidad, cumplidas las restantes exigencias de esta Ley, para el desempeño de un puesto de trabajo en la esfera docente como Profesor universitario asociado en régimen de dedicación no superior a la de tiempo parcial y con duración determinada."*

A interesada declara coa súa solicitude, e acredita na documentación anexa aportada, o cumprimento do requisitos establecidos no propio art. 4 citado, dado que a actividade concreta para a cal se insta o recoñecemento da compatibilidade ten carácter de **docencia universitaria a tempo parcial**, e a súa realización prevese fóra da xornada laboral da directiva solicitante; debendo ser coñecida pola totalidade de membros que integra a Corporación Municipal a adicación e compromiso co servizo público e co Concello de Vigo da interesada -moi por enriba da media municipal- no desempeño da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 14 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

súa función directiva profesional. Adicación e compromiso que non só lle constan á funcionaria suscribinte, senón que consta documentada no correspondente rexistro horario, tendo, por outra banda, carácter público e notorio na organización. Ao desempeño súmanse o coñecemento e a experiencia que a súa traxectoria profesional mostran, revertindo na organización en forma cotiá e na procura constante dunha xestión pública municipal eficiente, xurídicamente segura e en servizo obxectivo aos intereses xerais da cidade de Vigo, sendo unha profesiona de recoñecida traxectoria e experiencia.

Como requisito adicional para o recoñecemento de compatibilidade, a LIN preceptúa no seu art. 7 que *"será requisito necesario para autorizar la compatibilidad de actividades públicas el que la cantidad total percibida por ambos puestos o actividades no supere la remuneración prevista en los Presupuestos Generales del Estado para el cargo de Director general, ni supere la correspondiente al principal, estimada en régimen de dedicación ordinaria, incrementada en:*

- *Un 30 por 100, para los funcionarios del grupo A o personal de nivel equivalente.*
- *Un 35 por 100, para los funcionarios del grupo B o personal de nivel equivalente.*
- *Un 40 por 100, para los funcionarios del grupo C o personal de nivel equivalente.*
- *Un 45 por 100, para los funcionarios del grupo D o personal equivalente.*
- *Un 50 por 100, para los funcionarios del grupo E o personal equivalente.*

*La superación de estos límites, en cómputo anual, requiere en cada caso acuerdo expreso del Gobierno, órgano competente de las Comunidades Autónomas o Pleno de las Corporaciones Locales en base a razones de especial interés para el servicio."*

Neste aspecto, cómpre citar que a Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2023 (a falta de norma orzamentaria posterior) establece no seu art. 21.Dos, que: *"en el año 2023 las retribuciones de los Secretarios de Estado, Subsecretarios, Directores Generales y asimilados quedan establecidas en las siguientes: cuantías de sueldo y complemento de destino, referidas a doce mensualidades, y complemento específico anual que se devengará de acuerdo con lo establecido en el artículo 26.Dos de la Ley 51/2007, de 26 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para 2008.*

*Director General y asimilados (Euros)*

<i>Sueldo.*</i>	<i>15.237,60</i>
<i>Complemento de destino.</i>	<i>16.047,60</i>
<i>Complemento específico.</i>	<i>27.763,20</i>

*Las pagas extraordinarias de los meses de junio y de diciembre incluirán, cada una de ellas, además de la cuantía del complemento de destino mensual que se perciba de acuerdo con lo dispuesto en el párrafo y cuadro anterior, el importe en concepto de sueldo que se recoge en el cuadro siguiente:*

*Director General y asimilados(Euros)*

<i>Sueldo.</i>	<i>872,90</i>
----------------	---------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 15 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

(NOTA: as anteriores contías indícanse sen prexuízo das actualizacións correspondentes nas durante os anos 2023 e 2024 (2,5%) e 2025 (0,5%) acordadas polos órganos competentes)

A este respecto cómpre indicar que, comprobada a certificación expedida polo Tesoureiro Municipal do Concello de Vigo, así como as retribucións que lle corresponderían á interesada pola actividade de docencia segundo certificado emitido pola Universidade de Vigo, resulta que a suma total supera os límites establecidos na LIN, permitindo a propia norma (art. 7) e tal e como se expuxo en parágrafos anteriores, a superación de tales límites, mediante acordo expreso do Pleno das Corporacións Locais, en base a razóns de especial interese para o servizo.

Neste punto, debe informarse ao órgano competente para resolver que tanto a experiencia profesional como o coñecemento especializado -que integra tanto aspectos teóricos como cognitivo-intelectuais; competencias profesionais e persoais aplicadas a entornos profesionais; e capacidade de resolución de problemas- conforman un valioso acervo intelectual que debe ser posto en valor pola institución, en forma que tome conciencia do feito de que conta con profesionais expertos de recoñecida traxectoria a nivel nacional, e da realidade de que revirte este coñecemento no mellor servizo á cidadanía.

Así, constan nos sistemas de indexación bibliográfica oficiais (Dialnet, ORCID, publicacións do Instituto Nacional de Administración Pública) o coñecemento especializado que atesora a interesada, e que pode ser posto a disposición para a formación do estudiantado universitario, aportando valor co desenvolvemento dunha función docente que conleva capacidade pedagóxica, vocación e que contribúe ao desenvolvemento humano, institucional e social. Sendo a docencia unha actividade pública de interese social segundo o recollido no art. 2 da Lei 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU) e como así teñen recoñecido tanto a Xunta de Galicia (Resolución do 1 de agosto de 2023, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se publica o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de xullo de 2023 (DOG 09/08/2023) e o Estado -apartado segundo do Acordo do Consello de Ministros de 16 de decembro de 2011, tal e como recoñece a Oficina de Conflictos de Intereses (Preguntas frecuentes e criterios da Oficina de Conflictos de Intereses en aplicación da citada LIN)- dos que se desprende que o exercicio da docencia universitaria especializada contribúe á formación académica e profesional do alumnado, sendo recoñecida como unha actividade de interese público.

É relevante citar novamente a LIN, en cuxo art. 16.1 se recolle que *"no podrá autorizarse o reconocerse compatibilidad al personal funcionario, al personal eventual y al personal laboral cuando las retribuciones complementarias que tengan derecho a percibir del apartado b del artículo 24 del presente Estatuto incluyan el factor de incompatibilidad al retribuido por arancel y al personal directivo, incluido el sujeto a la relación laboral de carácter especial de alta dirección"*, establecendo non obstante os apartados 3 e 4 que *"se exceptúan de la prohibición enunciada en el apartado 1 las autorizaciones de compatibilidad para ejercer como **profesor universitario asociado** en los términos del apartado 1 del artículo 4, así como para realizar las actividades de investigación o asesoramiento a que se refiere el artículo 6. de esta Ley, salvo para el personal docente universitario a tiempo completo."*

Por tanto, a solicitude da interesada quedaría exceptuada da dita interdicción

Á vista da análise da citada documentación, conclúese que a actividade docente para a cal se solicita o recoñecemento da preceptiva compatibilidade non causa prexuízo algún ao Concello de Vigo, permitindo a posta en valor do capital humano existente na institución, e o servizo á sociedade a través da función social da formación universitaria, compartindo o coñecemento e a experiencia da interesada -profesional de recoñe-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 16 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

cida competencia experiencia- co estudantado universitario; conformando mostra do compromiso corporativo e institucional do Concello de Vigo co crecemento, desenvolvemento e evolución de toda a sociedade.

## II.- ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE.

A competencia para o recoñecemento da compatibilidade solicitada corresponde ao Pleno da Corporación, segundo establece o artigo 9 da citada Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (LIN) polo que se eleva ao órgano competente, previa a conformidade da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (delegacións da Ex-cma. Alcaldía efectuadas en resolución de data 26/09/2025 e en acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025) a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO: ...»**

De seguido o funcionario informante emite a proposta de acordo que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

### VOTACIÓN DA RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DO EXPEDIENTE NA ORDE DO DIA:

- *Votos a favor:* vinte e un votos (21), dezasete votos (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia; mais catro votos (4) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Votos en contra:* Non houbo.
- *Abstencións:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

### ACORDO:

Con vinte e un (21) votos a favor, dezasete votos (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista mais catro votos (4) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular; e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal acorda ratificar a inclusión do expediente 47996/220 (EXPTE. PLENO 5251/1101) na Orde do Día.

DELIBERACIÓNS: Non houbo.

### VOTACIÓN DA PROPOSTA:

- *Votos a favor:* vinte e un votos (21), dezasete votos (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia; mais catro votos (4) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Votos en contra:* Non houbo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 17 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

•*Abstencións:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con vinte e un (21) votos a favor, dezasete votos (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista mais catro votos (4) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular; e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

**"PRIMEIRO.-** Estimar a solicitude presentada en documento nº 250347746 por D<sup>a</sup> M. Parajó Calvo, Titular da Asesoría Xurídica Municipal (órgano directivo municipal ex arts. 129 e 130 Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e art. 12 TRLEBEP) e en consecuencia recoñecer a compatibilidade para o desenvolvemento da función de profesora universitaria substituta a tempo parcial na Universidade de Vigo, Facultade de Dereito, perdendo o seu efecto unha vez se modifique algunha das circunstancias actuais que motivaron a autorización, todo elo conforme á normativa vixente.

**SEGUNDO.-** Dispoñer que o recoñecemento outorgado non poderá conlevar diminución da xornada normal de traballo nin afectar ao seu horario, consonte ao marco normativo indicado no informe-proposta que antecede.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo á interesada, á Excm. Alcaldía, á Concellería da Área competente respecto dos órganos directivos; á Área de Recursos Humanos e Formación para anotación e aos efectos procedentes en relación coa distribución de topes de cotización que correspondan, xunto coa Tesourería Municipal; á responsable do Portal de Transparencia para publicación, e á Universidade de Vigo para coñecemento e efectos.

**CUARTO.-** Lembrar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que resulten competentes no prazo de 2 meses, a contar dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."

\*.- **Incidencia.** Sendo as 09:32 horas, ausentase do Salón de Plenos o Alcalde Presidente, pasando a presidir a sesión a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e tres (23) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

**MOCIÓNS.**

**4.(209). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESIXINDO A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIO-**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 18 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## NAL A ADOPCIÓN DE MEDIDAS NOS CENTROS EDUCATIVOS VIGUESES. EXP-TE. 5254/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2025, número 5254/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

### MOCIÓN

«Moitos dos centros educativos públicos vigueses dispoñen de caldeiras convencionais a base de combustibles fósiles, a maioría das cales se instalaron con moita anterioridade á aparición do Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios (RITE), do ano 2007, polo que os criterios de eficiencia enerxética non tiveron un gran peso na súa elección, atopándonos con baixos rendementos.

Isto tradúcese non só nunha maior incidencia ambiental, nun maior consumo de combustible, senón tamén na necesidade dun cambio urxente desas caldeiras obsoletas por outras máis eficientes.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguintes

### ACORDOS:

- Esixirlle á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional o cambio das caldeiras dos centros educativos vigueses por outras que ademais de ser máis eficientes melloren a cualificación enerxética en canto a emisións de CO2.
- Esixirlle á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que nos orzamentos de 2026 existan partidas concretas para a reforma integral dos centros educativos vigueses e se acabe co deterioro do ensino que se está levando a cabo.»

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

### VOTACIÓN:

- *Votos a favor:* dezanove (19), dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comeaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- *Votos en contra:* catro (4), dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Abstencións:* non houbo.

### ACORDO:

Con dezaoito (19) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16) e dos membros do grupo municipal do BNG (3), e catro (4) votos en contra dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 19 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2025 (Rex. Nº 5254/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, "Esixindo a consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional a adopción de medidas nos centros educativos vigueses", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### **5.(210). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE MEDIDAS NO CIFP MANUEL ANTONIO. EXPTE. 5256/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2025, número 5256/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

«O Centro Integrado de Formación Profesional Manuel Antonio ocupa unha superficie de 52.600 m<sup>2</sup> en Vigo, na ladeira do Meixoeiro, nunha parcela de 150.000 m<sup>2</sup> cedida polo Concello para a construción da Universidade Laboral Viguesa, inaugurada en outubro de 1976. Espazo posteriormente separado entre o centro de formación educativa e o Centro Residencial Docente.

Os ciclos que se imparten no centro no actual curso 2025-2026 pertencen ás familias profesionais de: Hostalaría e Turismo, Sanidade, Química, Téxtil Confección e Pel, Industrias Alimentarias, Seguridade e Medio Ambiente e Comercio (compartido co IES A Guía).

O cadro de persoal do CIFP Manuel Antonio está composto por uns 150 profesores e profesoras, administrativas, subalternas, persoal de limpeza, economato, e diversas persoas de limpeza e mantemento compartidas co Centro Residencial Docente, e 1.600 alumnos e alumnas.

A comunidade educativa do CIFP Manuel Antonio demanda un centro para responder ás demandas dun ensino do século XXI. Propoñen repensar os espazos educativos como lugares seguros, saudables e inspiradores para aprender e traballar, deseñando espazos con criterios de flexibilidade, seguridade, sostibilidade e benestar, que se adapten ás novas necesidades pedagóxicas, tecnolóxicas e sociais.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguintes

#### ACORDOS:

- Dotación do persoal docente necesario no CIFP Manuel Antonio para atender a todo o alumnado, así como profesorado de apoio e persoal de orientación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 20 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Estabilización do profesorado.
- Equiparación salarial do Profesorado Técnico (PT) co Profesorado de Secundaria (PES).
- Creación no CIFP Manuel Antonio de novos espazos flexibles, colaborativos, inmersivos e totalmente adaptados á coxuntura actual e os retos futuros, en todas as especialidades impartidas.»

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 26 de decembro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda que consta no expediente electrónico número 5261/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal do Partido Socialista, Sra. Alonso Suárez, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG.

#### VOTACIÓN:

- *Votos a favor:* dezanove (19), dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comeaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- *Votos en contra:* catro (4), dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Abstencións:* non houbo.

#### ACORDO:

Con dezanove (19) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16) e dos membros do grupo municipal do BNG (3), e catro (4) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2025 (Rex. Nº 5256/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, "Sobre medidas no CIFP Manuel Antonio", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### **6.(211). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL A COFINANCIACIÓN DAS OBRAS DO ESTADIO DE BALAÍDOS. EXPTE. 5257/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2025, número 5257/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, formula a seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 21 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## MOCIÓN

«Hoxe por hoxe é indiscutible que Vigo será sede do Mundial 2030, pese ao empeño dalgunhas persoas que tentan reiteradamente a súa eliminación e provocaron un escándalo sen precedentes. A renuncia de Málaga sitúa indefectiblemente a Vigo na lista de cidades que acollerán o Mundial.

Este Goberno municipal leva tempo traballando no proceso de ampliación do Estadio de Balaídos co obxectivo de acadar un aforo de 43.000 espectadores, tal e como esixe a FIFA.

As actuacións xa executadas nas gradas de Río e Marcador e as obras actualmente en execución na grada de Gol, súmase a remodelación e ampliación da Grada de Tribuna, uns traballos que xa están en marcha e que permitirán incrementar o aforo actual (5.500 espectadores) ata os 16.000. Deste xeito, o Estadio de Balaídos cumprirá sobradamente coas esixencias establecidas pola Federación Internacional de Fútbol.

Para levar a cabo esta ampliación é necesario en primeiro lugar a reubicación e mellora de dous colectores situados actualmente diante desta gradas, que constitúe un paso previo imprescindible á posterior obra de remodelación da grada de Tribuna.

Este é un asunto de máximo interese para a cidade e que se debe desenrolar dun xeito inminente, e tanto Xunta de Galicia como Deputación de Pontevedra deben contribuír a que Vigo sexa sede do Mundial, coa significativa incidencia que este provocará en importantes sectores económicos, sociais e culturais da cidade de Vigo e de Galicia.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

### ACORDO:

- Solicitar que Xunta e Deputación aporten cada unha un tercio do custe das obras do Estadio de Balaídos para ser sede do Mundial 2.030.»

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 26 de decembro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda que consta no expediente electrónico número 5262/1101.

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 26 de decembro de 2025, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5259/1101.

**DELIBERACIÓNS:** Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O concelleiro do grupo municipal do Partido Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, poñente da moción, non acepta as emendas formuladas polo voceiro do grupo municipal do BNG (5262/1101) nin polo voceiro do grupo municipal do PP (5259/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 22 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## VOTACIÓN:

- Votos a favor:* dezaseis (16), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia.
- Votos en contra:* non houbo.
- Abstencións:* sete (7), catro (4), dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comeña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

## ACORDO:

Con dezaseis (16) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e sete (7) abstencións, catro (4), dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG (3), o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2025 (Rex. Nº 5257/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, "*Solicitando a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial a cofinanciación das obras do Estadio de Balaídos*", e cuxo texto consta na parte positiva deste acordo.

## **7.(212). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO O CESE DA CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO.. EXPTE. 5255/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2025, número 5255/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, formula a seguinte,

### MOCIÓN

«As obras de construción da presa de Eiras foron financiadas polo Estado e o Concello de Vigo nos anos setenta do pasado século.

O Concello de Vigo encargouse da explotación da presa de Eiras dende o primeiro día que entrou en servizo. A explotación da presa (primeiro con persoal propio; despois con persoal da empresa pública Emavisa, e dende o ano 1991 con persoal da concesionaria do servizo integral da auga) foi levada a cabo pacíficamente e sen incidencias.

Ademais, o Concello de Vigo, único titular da concesión de abastecemento da auga do encoro, foi abastecendo de auga procedente de Eiras a outros concellos da área, de xeito solidario e á vista da incapacidade da Xunta de Galicia para dar solución aos problemas de abastecemento da primeira área metropolitana deste país. Así, a día de hoxe, e gracias a Vigo, pódense abastecer de auga procedente de Eiras os concellos de Soutomaior, Cangas, Moaña, Redondela, O Porriño, Mos e Salceda de Caselas.

Só a partir da pasada década, e con ocasión da pretensión da Xunta de Galicia de recaudar do Concello de Vigo un cánon de regulación sobre a presa, a Administración Autónoma quixo facerse coa explotación de Eiras.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 23 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O Concello de Vigo defendeu fundamentadamente a explotación municipal da presa, pero finalmente, e a partir dun requirimento de Augas de Galicia, este Concello veuse obrigado a ceder a explotación da presa á Xunta de Galicia a partir do 25 de xaneiro de 2023. A partir desa data o Concello pasou a encargarse unicamente da regulación das válvulas de abastecemento da concesión municipal, sendo responsabilidade da Xunta de Galicia a conservación e mantemento de tódolos elementos da presa, incluídas as citadas válvulas, tal como quedou recollido por escrito en documentos asinados por tódalas partes.

Non van tres anos dende que a Xunta de Galicia se fixo coa explotación de Eiras e á vista están as consecuencias: unha das válvulas fallou en abril deste ano coma consecuencia dunha operación ordeada e supervisada por persoal de Augas de Galicia; outra empezou a fugar en outubro. A día de hoxe, ámbalas dúas válvulas seguen sen cambiar.

A Consellería de Medio Ambiente ten actuado de xeito irresponsable, eludindo a súa obriga de actuar, sen asumir os seus labores de conservación e mantemento da presa, e pretendendo só xerar alarmismo e sacar rédito político dun problema que Iies corresponde a eles arranxar, tras arrogarse hai xa tres anos as competencias de explotación e mantemento da presa.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO:

- Solicitar o cese da Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático pola súa irresponsable xestión da presa de Eiras.»

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 26 de decembro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda que consta no expediente electrónico número 5263/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O concelleiro do grupo municipal do Partido Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5263/1101).

#### VOTACIÓN:

- *Votos a favor:* dezaseis (16), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia.
- *Votos en contra:* catro (4), dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez
- *Abstencións:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

#### ACORDO:

Con dezaseis (16) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, catro votos en contra (4), dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 24 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

tres abstencións (3) dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2025 (Rex. Nº 5255/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, "*Solicitando o cese da Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## **PARTE DE CONTROL**

### **MOCIÓNS.**

#### **8.(213). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A DEFINICIÓN DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS NA CIDADE DE VIGO.. EXPTE. 5252/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2025, número 5252/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

«A mobilidade é un dos factores que máis condiciona a configuración urbana, a sustentabilidade ambiental, a cohesión social e a calidade de vida da veciñanza. No caso de Vigo, a situación actual evidencia un modelo profundamente desequilibrado, excesivamente dependente do vehículo privado e con consecuencias ambientais, sociais e sanitarias cada vez máis graves.

Vigo é hoxe a cidade do conxunto da península ibérica cun maior número de vehículos por habitante. Cun parque móbil que supera amplamente os 440.000 vehículos domiciliados e cunha ratio de arredor de 1,5 vehículos por cada dous habitantes, a nosa cidade encabeza os niveis de motorización urbana. A esta cifra hai que engadir, ademais, a circulación diaria de decenas de miles de vehículos procedentes doutros concellos da área e da contorna metropolitana, con máis de cen mil entradas e saídas cada día. Esta presión constante sobre a rede viaria ten un impacto directo no colapso do tráfico, no consumo de solo urbano e na degradación do espazo público.

O reparto modal da mobilidade en Vigo amosa con claridade este problema estrutural. Case a metade dos desprazamentos diarios realízanse en coche ou moto, duplicando o uso do transporte público colectivo e situándose moi por riba dos desprazamentos a pé, en bicicleta ou en vehículos de mobilidade persoal (VMP). Esta realidade non é neutra nin inevitábel: responde a decisións políticas sostidas no tempo que favoreceron o vehículo privado fronte a outras formas de desprazamento máis eficientes, xustas e sustentábeis.

As consecuencias deste modelo son evidentes. O tráfico rodado é unha das principais fontes de emisións contaminantes na cidade, cun volume anual de emisións de CO<sub>2</sub> (estimadas en 600 mil toneladas/ano) incompatíbel cos obxectivos climáticos e cos compromisos de redución asumidos polas administracións públicas. Aliás, as medicións da calidade do aire amosan de maneira recorrente niveis de dióxido de nitróxeno, partículas en suspensión e outros contaminantes por riba dos valores recomendados pola Organización Mundial da Saúde, especialmente nos ámbitos máis saturados polo tráfico.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 25 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A isto engádesse unha grave contaminación acústica: máis de dous terzos da poboación viguesa está exposta diariamente a niveis de ruído superiores aos recomendados, e case o 30% sofre niveis directamente prexudiciais para a saúde. O ruído do tráfico non é só unha molestia, senón un problema de saúde pública que afecta de maneira especial ás crianzas, ás persoas maiores ou con diversidade funcional e a quen padece enfermidades cardiovasculares.

O modelo actual tamén ten un custo social elevado en termos de seguridade viaria. Cada ano prodúcese na cidade máis de 2 mil de accidentes de tráfico con danos de diversa consideración a centos de persoas e que continúa a provocar atropelos a peóns e vítimas mortais. A violencia viaria é unha consecuencia directa dun espazo público deseñado prioritariamente para os coches e non para as persoas, onde a velocidade, a conxestión e a falta de calmado do tráfico incrementan o risco de sinistros. Neste contexto, a implantación das Zonas de Baixas Emisións (ZBE) non pode ser entendida como un mero trámite burocrático nin como unha actuación illada. A lexislación obriga a adoptar medidas para reducir as emisións contaminantes derivadas da mobilidade, mais deixa marxe suficiente para decidir como facelo e, sobre todo, con que enfoque. O problema é que o Goberno municipal optou por un modelo limitado, importado e alleo á realidade urbana de Vigo, baseado na creación de catro pequenos perímetros con restricións de acceso en función da tipoloxía do vehículo.

Este modelo aposta por un control tecnolóxico intensivo mediante sistemas de video-vixilancia e identificación automatizada de matrículas, marcas e características dos vehículos, cun custo millonario para as arcas municipais. Un investimento público moi elevado que non se destina a mellorar o transporte colectivo nin a facilitar alternativas reais ao uso do coche, senón a implantar un sistema de control e sanción.

A pesar das reiteradas declaracións do Alcalde negando que vaia haber multas, a realidade é que este modelo leva aparelado un réxime sancionador económico, con penalizacións que poden acadar importes moi elevados e que entraría en vigor, de maneira gradual, a partir do 1 de novembro de 2026, segundo consta no cronograma de despregamento do proxecto de Zonas de Baixas Emisións aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local o pasado 19 de decembro.

Esta falta de transparencia, unida á elaboración en segredo da normativa municipal que regulará as ZBE, e que o Goberno prometeu diante do Pleno que estaría lista a finais de 2021, supón unha quebra da confianza da cidadanía e unha mostra máis da maneira autoritaria de gobernar, baseada na política de feitos consumados e propaganda, pero non no diálogo nin na participación.

Estamos, ademais, diante dun modelo socialmente inxusto. As restricións baseadas exclusivamente na etiqueta ambiental do vehículo favorecen a quen pode permitirse mercar un coche novo híbrido ou eléctrico (con prezos inaccesíbeis), mentres castiga á maioría social, ás persoas traballadoras e á veciñanza dos barrios periféricos e das parroquias, onde as alternativas de transporte público son claramente insuficientes. Non busca reducir o número de coches, senón que se promove unha substitución do parque móbil que mantén intactos os problemas de fondo: tráfico, ocupación do espazo público e dependencia do vehículo privado.

Fronte a este enfoque restritivo e punitivo, desde o Bloque Nacionalista Galego defendemos unha concepción radicalmente diferente das Zonas de Baixas Emisións, axustada ás recomendacións expertas e de entidades como a Rede de Cidades que Camiñan. Vigo precisa unha ZBE de cidade, que abranca o conxunto do termo municipal e que actúe sobre as causas estruturais do problema. Un modelo baseado na redución real



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 26 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

do tráfico innecesario, no calmado do tránsito rodado e na recuperación do espazo público para as persoas. En ofrecer alternativas fronte a castigar con multas.

Unha ZBE entendida como unha oportunidade para transformar a mobilidade, para priorizar os desprazamentos a pé, en bicicleta e en transporte público colectivo, para facer rúas máis seguras, menos ruidosas, menos contaminantes, e máis habitábeis. Un modelo que non discrimina por renda nin obriga a investimentos inasumíbeis, que non cobra por circular nin converte a mobilidade nun privilexio, senón nun dereito.

Esta aposta require planificación, visión e valentía política e, sobre todo, participación cidadá. A transformación da mobilidade só será eficaz se se constrúe desde abaixo, contando coa veciñanza, co tecido asociativo, cos movementos sociais e co conxunto da cidade. Vigo non precisa máis imposicións nin máis multas, precisa un proxecto de cidade que poña a vida no centro e que entenda o espazo público como un lugar para estar, convivir, xogar, pasear e relacionarse, e non só como unha superficie sobre a que circular.

Por todo o anterior, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

Instar ao Goberno municipal a:

1. Deixar sen efecto o proxecto de Zona de Baixas Emisións aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local do 19 de decembro e abrir un proceso participativo para a súa redefinición tomando como base os seguintes criterios e liñas de actuación:
  - a. Reordenar o espazo público para dar prioridade, por esta orde, á mobilidade peonil, en bicicleta ou VMP e transporte público sobre o vehículo particular.
  - b. Promover máis rúas peonalizadas ou de prioridade peonil, recuperando espazo público para as persoas.
  - c. Elaboración dos *metrominuto* e *biciminuto* para estimular os desprazamentos andando e en bicicleta.
  - d. Xeneralización e promoción das rutas escolares peonís seguras para todos os centros educativos públicos da cidade.
  - e. Revisión da ordenanza reguladora do uso de VMP na cidade, retirando todas aquelas restricións que non estean fixadas no marco regulatorio xeral.
  - f. Potenciación do transporte urbano colectivo: cun novo mapa de liñas de autobús, aumento de frecuencias, renovación da flota por vehículos de menores emisións, ampliación do billete de transferencia, abaratamento de tarifas e novas bonificacións, reforzo do servizo nocturno, mellora da conexión con servizos e dotacións públicas (centros médicos, educativos, etc), facilitar a mobilidade multimodal e implantar unha liña central desde Navia até Teis a través dalgunha modalidade de transporte articulado eléctrico (trolebus, tranvía, metro lixeiro..).
  - g. Promoción do uso compartido de taxi e creación de bono-taxi de uso xeral.
  - h. Estabelecemento de novos carrís bus-taxi e aplicación de sistemas de preferencia semaforica para o paso do transporte público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 27 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- i. Mellora da integración das diferentes modalidades de transporte público, garantindo unha áxil conexión entre terminais (estacións de ferrocarril, terminal de bus, aeroporto e estación de transporte marítimo de ría).
  - j. Integración da cidade, a través dun novo acordo coa Xunta e da mellora substancial do servizo, no plan de transporte metropolitano.
  - k. Liderar a cooperación con outras administracións para a posta en marcha dunha rede de tren de cercanías que vertebre a nosa realidade metropolitana e que conecte Vigo polo norte co eixo Pontevedra-Vilagarcía e polo sur até Tui.
  - l. Esixir a mellora substancial da actual rede de media distancia ferroviaria, con aumento de frecuencias, ampliación da capacidades e mellora de horarios.
  - m. Posta en marcha de aparcamentos de integración modal (disuasorios) nos accesos da cidade.
  - n. Aplicar medidas adicionais para o calmado de tráfico: pasos de peóns resaltados, extensións das zonas 30 e 20, un maior control da velocidade e dos accesos a zonas peonís por vehículos non autorizados, entre outros.
2. Poñer en marcha mecanismos de participación para recoller propostas e suxestións de toda a cidadanía e de todo o tecido asociativo, de cara a definir o modelo de ZBE, incluíndo:
- a. Realización de asembleas veciñais en todos os barrios e parroquias.
  - b. Rolda de encontros co tecido asociativo e movementos sociais da cidade.
  - c. Convocatoria dos Consellos Sectoriais/Locais de Transportes, Medio Ambiente e Accesibilidade do Concello de Vigo, como organismos consultivos e de participación, en réxime de co-decisión para unha efectiva posta en común e ditame.
  - d. Creación dun grupo de traballo específico na Comisión Informativa de Seguridade, con participación de todas as organizacións políticas con representación no Pleno.
  - e. Sometemento da proposta a aprobación plenaria e exposición pública para a recepción de alegacións.»

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

#### VOTACIÓN:

- Votos a favor:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra:* vinte (20), dezaseis votos (16) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia, mais catro votos (4) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Abstencións:* non houbo.

#### ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 28 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Con tres (3) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal do BNG, e vinte (20) votos en contra, dezaseis votos (16) dos membros presentes do grupo municipal Socialista mais catro votos (4) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.12.25 (Rex. Nº 5252/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "Sobre a definición das zonas de baixas emisións na cidade de Vigo", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**9.(214). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A IMPULSAR MEDIDAS REAIS E EFECTIVAS A PROL DO PEQUENO E MEDIANO COMERCIO DE VIGO DIANTE DA CRISE QUE ATRAVESA. EXPTE. 5253/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2025, número 5253/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

MOCIÓN

«O pequeno e mediano comercio constitúe un piar fundamental da economía de Vigo como motor de emprego e riqueza, máis tamén como elemento vertebrador da vida social e urbana dos nosos barrios.

Sen embargo, o sector enfrenta desafíos crecentes: a competencia das grandes superficies, o auxe do comercio electrónico e, de xeito moi especial, a falta dun apoio decidido y estratéxico por parte do Goberno municipal. De feito os últimos datos oficiais do IGE amosan que a nosa cidade perde unha media de 11 comercios ao mes dende o inicio de pandemia.

O Concello de Vigo, baixo a presidencia de Abel Caballero, ten amosado unha absoluta falta de interese e unha xestión deficiente neste ámbito como amosa o feito de que este goberno municipal leve 15 anos sen convocar a Mesa Local de Comercio, a pesar das constantes e reiteradas peticións por parte das distintas asociación de comerciantes da cidade.

Tanto é así que o pasado 9 de outubro a Asociación de Comerciantes As Travesas (Aetravi), Calvario (Aceca), Zona Teis, Zona Náutico, entorno do antigo hospital Xeral (ACEX) e Vigo Centro, ás que se sumou a Federación de Mercados (Mercacevi), que representa a todas as prazas de abastos municipais, asinaron e rexistraron un escrito dirixido aos concelleiros responsables da materia solicitando unha reunión urxente co obxectivo de coñecer as intencións do goberno local en relación ás políticas de comercio local.

Unha petición que reflicte a evidente falta de interlocución e escoita por parte de Praza do Rei a este sector, como amosa tamén a pretendida campaña municipal de dinamización do comercio vigués que está a levar a cabo o goberno local con 400 bandeiras, da que nin tan sequera informou ás asociacións.

Mentres tanto compre lembrar que Vigo foi a única cidade galega que non contou con axudas directas ao pequeno comercio durante a Covid-19 e que os incumprimentos das promesas realizadas polo alcalde son constantes, como acontece co bono co-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 29 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

mercio que prometeu en campaña electoral pero que nunca se activou ou co famoso "Amazon vigués" que tampouco viu a luz perdendo polo camiño centos de miles de euros procedentes de fondos europeos destinados á modernización e apoio do sector.

Pola contra, este goberno ten incrementado ano a ano a presión fiscal á que se ve sometido o pequeno e mediano comercio da cidade, por exemplo a través da suba do IBI ou do lixo, sen que exista un plan de axuste das taxas para aqueles negocios afectados pola perda de beneficios por mor das obras municipais polas que se ven afectados nas súas rúas.

Por todo isto, o grupo municipal do PP de Vigo eleva ao Pleno de Vigo para o seu debate e eventual aprobación os seguintes

#### ACORDOS:

- 1.- Instar ao Gobierno local a cumprir coa súa obriga e convocar de maneira urxente a Mesa Local de Comercio para escoitar as necesidades reais do sector e coordinar accións conxuntas.
2. Instar ao goberno local a traballar da man co sector para elaborar e un Plan Estratégico do Comercio de Vigo co obxectivo de consolidar a fortalecer o pequeno e mediano comercio da cidade no horizonte 2026-2030.
- 3.- Demandar a posta en marcha campañas e iniciativas reais de apoio ao pequeno comercio e os mercados municipais por barrios cunha periodicidade mensual
4. Por en marcha un plan de choque fiscal, que inclúa bonificacións en taxas e impostos municipais (como o IBI ou o lixo ) para aliviar a carga fiscal do pequeno e mediano comercio local afectado por unha baixada de facturación consecuencia das obras municipais na súa zona.
- 5.- Por en marcha o prometido bono municipal para dinamizar o comercio local, seguindo o exemplo outras cidades galegas e a propia Xunta de Galicia, para fomentar o consumo directo nos establecementos de proximidade.
- 6.- Instar ao Concello de Vigo a solicitar á Xunta de Galicia o selo de Mercado Excelente para os mercados municipais da cidade, tal e como demanda o sector.»

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 26 de decembro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda que consta no expediente electrónico número 5260/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5260/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 30 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## VOTACIÓN:

- *Votos a favor:* catro (4) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Votos en contra:* dezaseis (16) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia.
- *Abstencións:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

## ACORDO:

Con catro (4) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, dezaseis votos en contra (16), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e tres abstencións (3), dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.12.25 (Rex. Nº 5253/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "*Instando ao goberno local a impulsar medidas reais e efectivas a prol do pequeno e mediano comercio de Vigo diante da crise que atravesamos*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## RESOLUCIÓNS.

### **10.(215). DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELLEIROS/AS DE ÁREA DE GOBERNO E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS; DACIÓN DE CONTA. EXPEDIENTE 1483/1102. (EXPTE. PLENO 5205/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de novembro de 2025, publicado no BOP de Pontevedra núm. 217 do 12/11/2025, que di o que segue,

«6.- MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS TITULARES DAS CONCELLERÍAS DE ÁREA DE GOBERNO. EXPTE. 1483/1102.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/11/2025, asinado pola secretaria de Goberno local e polo alcalde, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, pola súa poboación e entidade como cidade configúrase como un municipio de gran poboación dende a entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Por razóns de eficacia administrativas e optimización dos recursos empregados resulta aconsellable delegar nos titulares de concellerías de área de Goberno determinadas competencias da Xunta de Goberno Local. Así, en data 22 de xuño e posterior 28 de xullo de 2023, 8 de marzo e 28 de xuño de 2024, 13 de xuño de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 31 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2025 e 26 de setembro de 2025 a Xunta de Goberno delegou nos titulares das concellerías de Área de Goberno determinadas atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área.

Por parte da Área de Servizos Xerais solicítase a modificación da delegación de competencias da xunta de goberno Local en concelleiros/as de Área respecto da atribucións da autorización da ampliación de gasto nas certificacións mensuais da obra, cos límites do artigo 242.4 i) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, tal e como establece a o artigo 160 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Trala modificación da estrutura da administración municipal (2023-2027) por Resolución da Alcaldía de data 25 de setembro 2025 procede, para súa adaptación, modificar o acordo de delegación de competencias específicas nos titulares das Concellerías de Área de Goberno e Concellerías Delegadas

Polo exposto, de conformidade coas previsións que se establecen nos artigos 127.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril esta Alcaldía, en uso das facultades atribuídas no artigo 124 de dito texto legal formula á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Modificar o acordo de delegación da Xunta de Goberno Local de data 26 de setembro de 20025 e delegar nos concelleiros/as de Área de Goberno as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área que se detallan de seguido

**"2º-** Así mesmo todos os/as concelleiros/as de Áreas de Goberno exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:

(...)

2. Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros e servizos relacionadas directamente coa xestión da súa área, comprendendo no caso de aprobación das certificacións ordinarias e finais, a autorización da ampliación do gasto cos límites, no seu caso, establecidos.

(...)

**SEGUNDO.-** Aprobar o texto refundido das delegacións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as de Área de Goberno que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área que se detallan de seguido



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 32 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## **I.- Na Primeira Te Concellería de Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade.**

### En materia de Igualdade,

1. Concesión das axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto.

## **II.- Na Concellería de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes.**

### En materia de Fomento

1. Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.
2. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.
3. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos de obras da súa competencia.
4. Aprobar a ampliación do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras da súa competencia.
5. Adopción do acordo de ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público (artigo 243.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos ou normativa de aplicación).
6. Acordar a continuación provisional das obras da súa competencia tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasione graves prexuízos para o interese público nos termos do previsto no artigo 242.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos , ou normativa de aplicación.
7. Resolución do expediente de danos e perdas con motivo da suspensión dos contratos de obras.
8. Outorgar a autorización de uso e concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se celebren no Estadio Municipal de Balaídos e facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades.
9. Aprobación dos actos que, no seu caso, requira a tramitación dos expedientes necesarios no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030 que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 33 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

impliquen desenvolvemento da xestión económica, autorización e disposición de gastos.

10. O exercicio das accións xudiciais e administrativas que deriven dos actos que que, no seu caso, requira a tramitación dos expedientes necesarios no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.
11. A tramitación e resolución dos expedientes de revisión de prezos extraordinarios regulado no Real Decreto Lei 3/2022, de 1 de marzo.
12. Outorgar as autorizacións para a colocación de anuncios publicitarios nos soportes das instalacións de iluminación pública previstos na Ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior.

#### Dos edificios de titularidade municipal nos adscritos as distintas áreas ou servizos.

1. A aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congressos Mar de Vigo.

#### En materia de Transportes

1. Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral e especialmente en materia da prestación de servizos urbanos de transporte público en vehículos de turismo.
2. Outorgar as autorizacións en materia de transporte escolar, licenzas de taxi, así como cantas outras fosen necesarias para o desenvolvemento da actividade de transporte en todos os seus ámbitos.

#### En materia de Deportes.

1. Outorgar a autorizacións das probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos deportivos en vías públicas agás que a lexislación sectorial atribúa expresamente a competencia a un órgano distinto da Xunta de Goberno Local.
2. Outorgar as autorizacións demaniais nas instalacións de deportivas municipais.

### **III.- Na Concelleira de Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación, e Normalización Lingüística.**

#### En materia de Medio Ambiente

Outorgar as preceptivas licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos, a súa inscrición no Rexistro municipal, así como calquera outra atribución en relación coa tenza de animais potencialmente perigosos que sexa delegable.

#### En materia do Zoolóxico municipal

Resolución de cesións e aceptacións gratuítas de animais –sen valor económico-.

#### En materia de Cemiterios

1. Outorgar as autorizacións en materia de policía sanitaria mortuoria, conforme co disposto na normativa de aplicación (transmisión de panteóns, nichos, cinceiros..).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 34 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2. Instrución e resolución de expedientes de autorización para o exercicio da actividade funeraria dentro do termo municipal de Vigo, agás ás referidas ao exercicio de dita actividade con establecemento.

#### **IV.- Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude.**

##### En materia de Emprego

A tramitación dos contratos laborais polos procedementos legalmente establecidos, formalización e extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

##### En materia de Patrimonio

1. A xestión económica para tramitación e abono das cotas das Comunidades de Propietarios as que pertenza o Concello de Vigo, agás as correspondentes á Xerencia Municipal de Urbanismo.
2. A xestión e aprobación das operacións rexistras de agrupación, división, agregación, e segregación de fincas de titularidade municipal; así como o inicio e resolución dos procedementos administrativos para a reanudación do trato sucesivo interrompido, supostos de dobre inmatriculación, excesos de cabida, cancelacións ou rectificacións de asentos, e demais procedementos de modificacións rexistras, de acordo coa lexislación hipotecaria, e referente aos bens e dereitos municipais inscritos. Exceptúanse, os bens pertencentes ao Patrimonio Público do Solo e, no seu conxunto, todas aquelas operacións ou procedementos rexistras que resulten da actividade urbanística exercida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, no ámbito das súas competencias.
3. Declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato nos expedientes de responsabilidade patrimonial.

#### **V.- Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.**

##### En materia de Seguridade

1. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios.
2. Outorgar as autorizacións de ocupación da vía ou espazo público de titularidade municipal previo informe do servizo que proceda no ámbito das súas competencias sempre e cando a autorización/licenza non estea suxeita ao réxime de concorrencia e non estea atribuída pola especialidade da materia a outra área delegada.
3. Outorgar a autorizacións as entradas de carruaxes dende a vía pública (licenzas de vado), así como os aproveitamentos especiais sobre o dominio público consistente no tránsito de vehículos ata os edificios e instalacións e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 35 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

viceversa, de conformidade co previsto na normativa xeral de aplicación e segundo o disposto nas disposicións de carácter xeral municipais.

4. Outorgar as autorizacións das cacharelas de San Xoán e queima de material pirotécnico, de conformidade co disposto na normativa reguladora da materia.
5. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas acordo de:
  - a) Reserva de estacionamento e paradas
  - b) Reservas especiais para persoas con discapacidade
  - c) Concesión de licenzas de terraza na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público agás a aprobación dos proxectos en rúas peonís, prazas e outros espazos asimilables segundo o disposto no artigo 19 da Ordenanza municipal reguladora da instalacións de terrazas en espazos de uso público do Concello de Vigo.
6. Outorgar as autorizacións de ocupación de dominio público con motivo da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que con carácter ocasional se leven a cabo en vías ou espazos público de titularidade municipal, sempre que non estean suxeitas ao réxime de concorrencia e non estean atribuídas pola especialidade da materia a outra área delegada.
7. Concesión de licenzas de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se desenvolvan en espazos abertos ao público de titularidade pública, incluída a vía pública e as facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades cando non estean atribuídas pola especialidade da materia a outra área delegada.
8. Instruír e resolver os expedientes de recuperación posesoria daquelas superficies integrantes da rede viaria municipal ocupadas sen título habilitante, en materias da competencia desta Área de Goberno e Administración Municipal.

#### En materia de Contratación

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.
2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.
3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.
4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.
5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 36 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
7. Resolver, a proposta motivada da Mesa de Contratación, sobre a aceptación ou rexeitamento das xustificacións presentadas polos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais, e no caso de rexeitamento das xustificacións presentadas, a súa exclusión do procedemento.
8. Exercicio das competencias, relativas á corrección de erros materiais ou aritméticos e a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sempre e cando non impliquen modificacións significativas consonte ó previsto no artigo 136.2 da LCSP ou normativa de aplicación.
9. Exercicio das competencias en materia de consultas preliminares de mercado (artigo 115 da LCSP)
10. Incoación de expedientes de resolución de contratos.
11. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas
12. Solicitar de ofertas de acordos marco das Central de Contratación ás que se adhira o Concello.
13. A competencia para actuar en representación da Xunta de Goberno Local intervindo como responsable de operación na análise *ex ante* de risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.
14. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas (artigo 133 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), aceptación ou rexeitamento da xustificación dos valores anormais ou desproporcionados das ofertas (artigo 149.6 LCSP).

#### En materia de Recursos Humanos e Formación

1. A concesión dos permisos e licenzas de todo o persoal municipal
2. O recoñecemento do grao persoal e trienios.
3. Aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos conceptos.
4. A aprobación dos criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade, dando conta ao órgano delegante.
5. A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, autorización do reingreso ao servizo activo e a rehabilitación na condición de funcionario.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 37 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

6. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local, agás no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios, materia esta competencia da área de Seguridade.
7. A aprobación e autorización de gastos en materia de persoal con cargo ao Capítulo I de gastos dos orzamentos municipais, así como dos gastos e indemnizacións que se tramiten pola Área de Recursos Humanos e Formación como centro xestor, excepto aqueles gastos que se correspondan coa selección, nomeamento, contratación ou prórroga de vínculo de servizo ou laboral de efectivos ao servizo do Concello de Vigo, cuxa autorización será competencia da Xunta de Goberno Local.
8. A execución de sentenzas, autos e demais resolucións xudiciais, provisionais ou firmes, en materia de persoal, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
9. Execución dos requirimentos efectuados pola Inspección de Traballo e polas Entidades xestoras e Administración da Seguridade Social en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
10. Decisión sobre a interposición de recurso xudicial fronte a resolucións xudiciais non firmes en materia de persoal, previo informe sobre viabilidade xurídica do recurso que se emita pola Asesoría Xurídica Municipal.
11. Acordos en materia de reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urxente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal.

#### En materia de SPPRL

1. Fixar os mecanismos para a coordinación entre as distintas Áreas e Servizos do Concello de Vigo e entre estes e o SPPRL (Área de Recursos Humanos e Formación) a fin de integrar a prevención.
2. Nomear as figuras e/ou persoas que teñen asignada por lei funcións e responsabilidades concretas en materia de seguridade e saúde laboral -recursos preventivos, traballadores designados, traballadores autorizados ou cualificados, propostos por cada concellería delegada.
3. A aprobación dos procedementos de traballo seguro, as instrucións de traballo seguro, circulares informativas e os documentos de seguridade específicos en materia de seguridade e saúde laboral propostos por cada concellaría-delegada e/ou polo SPPRL.

### **VI. Área de Goberno de Política Social e Participación cidadá**

#### En materia de Política de Benestar social,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 38 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

1. Concesión das axudas para atención a persoas físicas, familias e unidades de convivencia, sempre e cando estas non excedan de 12.000 euros ano a cada beneficiario, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto
2. Resolver as solicitudes de prestación dos servizos de teleasistencia domiciliaria municipal e axuda no fogar e demais solicitudes de prestacións individuais para a prevención, asistencia e promoción social, para aqueles gastos previamente autorizados e comprometidos pola Xunta de Goberno Local.

## VI. Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

1. O recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.
2. Autorizar a devolución de fianzas derivadas das relacións contractuais, de ocupación de dominio público pola organización de eventos, as depositadas por débedas tributarias recurridas e calquera outras que se poideran ter depositado na Tesourería municipal.
3. Concertación de operacións de tesourería, cando o importe das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos liquidados no exercicio anterior.
4. En xeral, a xestión económica agás, os actos de autorización e disposición do gasto atribuída á Xunta de Goberno Local.

## VII.- Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, e Festas Especiais.

### En materia de parques e xardíns

1. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.
2. Aprobar a ampliación do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras.
3. Adopción do acordo de ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público (artigo 243.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos ou normativa de aplicación).
4. Acordar a continuación provisional das obras tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasione graves prexuízos para o interese público nos termos do previsto no artigo 242.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos , ou normativa de aplicación.
5. Outorgar as autorizacións de talas e traslado de arbolado o masas arbóreas, así como as ocupacións nas zonas verdes públicas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 39 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

6. A dirección e coordinación do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, facultado para a adopción de cantas medidas de impulso, desenvolvemento e execución resulten precisas.
7. A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten en relación coas competencias municipais en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos en dito ámbito, así como a tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas.

#### En materia de Comercio

1. Outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante, de acordo coa ordenanza municipal e as demais normas previstas na lexislación vixente na materia.
2. Outorgar cantas autorizacións e permisos resulten atribuídos ao Concello pola normativa sectorial, estatal ou autonómica, en relación coa actividade venda minorista, agás ás referidas ao exercicio da dita actividade con establecemento.
3. Outorgar as autorizacións administrativas para a xestión e aproveitamento, incluída a ocupación da vía ou espazos públicos de titularidade municipal, incluso en réxime de concorrencia, do emprazamento de atraccións recreativas e outras actividades da campaña do Nadal e as facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades.

**2º-** Así mesmo todos os/as concelleiros/as de Áreas de Goberno exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:

1. O exercicio e resolución de cantos expedientes deriven do exercicio da potestade sancionadora que lle fosen legalmente atribuídos a Xunta de Goberno Local e a adopción, no seu caso, de cantas medidas provisionais fosen necesarias.
2. Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros e servizos relacionadas directamente coa xestión da súa área, comprendendo no caso de aprobación das certificacións ordinarias e finais, a autorización da ampliación do gasto cos límites, no seu caso, establecidos.
3. Aprobar a autorización do inicio da prórroga dos contratos da súa Área.
4. A adxudicación dos procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, así como a súa prórroga e a resolución de cantas incidencias poidan xurdir na fase de tramitación.
5. A tramitación e adxudicación dos contratos menores no ámbito das concellerías delegadas conforme a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos conlevando a autorización e/ou disposición de gasto. Dita competencia



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 40 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

abarcará a resolución de calquera incidencia respecto dos efectos, cumprimento e extinción de ditos contratos.

6. A iniciación dos expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas delegadas así como a resolución de calquera incidencia que xurda durante a súa tramitación con carácter previo a aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación pola Xunta de Goberno Local.
7. Efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos das súas áreas ditando ao efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e propoñendo, no seu caso, ao órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos.
8. Resolución dos expedientes de reintegro de subvencións.
9. Autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización do persoal adscrito á súa área cando a duración das mesmas non sexa superior a cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar a comisión de servizos co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata disto á Concellería de delegada en materia de Recursos Humanos e Formación.
10. Autorizar, cando estean directamente relacionados coa función pública, a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal da súa área, de conformidade coas normas establecidas nas bases de execución do orzamento sempre e cando a duración do curso non supere os cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar o dereito á formación co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata á Concellería de delegada en materia de Recursos Humanos e Formación.
11. Conformar o cadro de vacacións anuais que elabore a Xefatura de Área ou Servizo encadrada en cada Concellería, e remitilo á Área de Recursos Humanos e Formación nos prazos establecidos aos efectos oportunos.
12. Coordinar a tramitación dos expedientes da súa competencia naqueles casos nos que afecte a outras Concellerías, solicitando a emisión de informes das distintas áreas e a realización de cantas actuacións resulten necesarias para a conclusión dos expedientes.
13. Delegar nos/nas Concelleiros/as de Área de Goberno, para o seu concreto ámbito competencial e dentro da estrutura da súa área, as competencias en materia de seguridade e saúde laboral, agás as que estean atribuídas expresamente a outros órganos de goberno.
14. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo en materia de seguridade e saúde laboral que correspondan ás operacións e actividades que se realizan na área de goberno da súa competencia, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos, e dando conta á Xunta de Goberno Local. En materia de recursos humanos esta competencia corresponderá á Concellería delegadas de Recursos Humanos e Formación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 41 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

15. A expedición de certificacións de silencio administrativo en relación cos expedientes obxecto de tramitación na súa Área delegada.
16. A facultade de revisión de oficio reguladas na normativa aplicable en materia de Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivese ditado en virtude de competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local.
17. Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración institucional con Administracións Públicas e institucións, universidades, centros de ensino, escolas de administración pública; en materia formativa de empregados públicos, órganos directivos e cargos electos locais, así como de convenios de colaboración e/ou formación para a realización de prácticas no Concello de Vigo.

**3º.-** Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**4º.-** Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

**5º.-** As facultades que poderán exercer os concelleiros de Área de Goberno en relación coas atribucións obxecto de delegación serán, na súa integridade, as que correspondan ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

**6º.-** O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

**7º.-** A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

**TERCEIRO-** Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

**CUARTO.-** Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

**QUINTO.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 42 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**SEXTO.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.”

ACORDO:

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do acordo da XGL de data 07.11.2025, da delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as de Área de Goberno e concelleiros/as delegados/as. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

**11.(216). RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 17/11/25 E O 18/12/25; DACIÓN DE CONTA. INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DO PLENO 5248/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 17/11/25 e o 18/12/25, incluídas no expediente 5248/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

**12.(217). RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 17/11/25 E O 18/12/25; DACIÓN DE CONTA. INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DO PLENO 5247/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 17/11/25 e o 18/12/25, incluídas no expediente 5247/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

**13. FORMULACIÓN DE ROGOS.**

**13.1.(218).** Rogo formulado pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. «Que se informe de que accións vai adoptar o Goberno municipal co obxecto de garantir a continuidade da totalidade do persoal de UAD CEDRO dependente da empresa EULEN unha vez conclúa a prórroga do contrato municipal que vai ser subrogado ao Sergas a partir do vindeiro 1 de xaneiro».

**13.2.(219).** Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «Rogamos que o Concello de Vigo conxele as tarifas de Vitrasa do ano 2026 e manteña como mínimo o conxunto de bonificacións ao billete, incluída a bonificación extra do 20% a Pass Vigo, así como estender a gratuidade do transporte urbano aos beneficiarios da Pass Vigo social».



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 43 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## 14. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

**14.1.(220).** Pregunta formulada polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «¿Vai agasallar o Goberno unha nova prórroga de cinco anos a Aqualia do contrato de 1991 para a xestión do abastecemento de auga e saneamento de Vigo, malia non se ter executado todos os investimentos ligados á aprobada en 2020, ou esta vai estar limitada ao tempo imprescindible para permitir a constitución dunha empresa pública municipal que asuma de maneira directa a xestión integral do ciclo da auga na nosa cidade, tal e como demandamos reiteradamente o BNG e como xa teñen feito outras cidades do Estado e Europa?».

O Sr Pardo Iglesias, concelleiro delgado de Área de goberno de Fomento, Servizos e deportes, responde á pregunta segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

**14.2.(221).** Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martin Peña. «¿Por que o goberno local ven de prohibir que os compañeiros da prensa non poidan facer en liberdade o seu traballo neste pleno o vetarlles o movemento pola sala como ata de agora se viña facendo con total respecto?».

A Sra Presidenta responde á pregunta segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

### ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario decembro 2025  
Legislatura: Mandato 2023-2027  
Órgano : Pleno  
Fecha Inici: Lunes, 29 de Diciembre de 2025 09:09:13  
Fecha Fin : Lunes, 29 de Diciembre de 2025 11:34:37  
Duración : 02:25:24

- HTML

-----  
[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas\\_new.jsp?id=3620](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas_new.jsp?id=3620)

- Media (MASTER)

-----  
[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 1.9 GiB  
Url - <https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/RA7B6pFpTzzLxbo7or0JN1IHR3d-m3vF2VjT9o55zWn0A5sIH.wmv>  
SHA512 - ab24001acd68c4aabdf625a71c513f522fd943a1cd74a38593cc4a974c5c7f8be6fc6b601cc5337e98de4d9cee457589591ad0e488266402e26964fbc685ea3a

- Media (PROXYS)

-----  
(no disponible)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 44 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Minutaxe

- 00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Rivas González, Angel; Alonso Suárez, María Olga; Rodríguez Roríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sánchez Méndez, Luisa María; González Abeijón, Fernando; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier; Remoto;
- 00:01:19 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:01:58 : 1. Actas anteriores: ordinaria do 24 de novembro e extraordinaria do 10de decembro 2025.
- 00:02:07 : 2. Inclusión de determinados investimentos como investimentos financeiramente sostibles (IFS). Expte. 96/142 (Expte. Pleno 5244/1101).SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL
- 00:02:23 - López Font, Carlos
- 00:07:10 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:07:14 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:12:06 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:12:11 - Martín Peña, José Miguel
- 00:16:29 - López Font, Carlos
- 00:19:33 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:19:42 - Votación [9:28:53]
- 00:20:06 : 3. Solicitud recoñecemento de compatibilidade. Expediente 47996/220. (Expte. Pleno 5251/1101).
- 00:20:27 - Votación [9:29:38]
- 00:20:51 - Votación [9:30:02]
- 00:22:21 : 4. Moción do grupo municipal Socialista esixindo a Consellería de Educación , Ciencia, Universidades e Formación Profesional a adopción de medidas nos centros educativos vigueses. Expte. 5254/1101.
- 00:22:38 - Alonso Suarez, María Olga
- 00:27:46 - Silva Rego, Carmen
- 00:28:06 - Silva Rego, Carmen
- 00:28:19 - Silva Rego, Carmen
- 00:28:27 - Abalde Comesaña, Filipe
- 00:33:17 - Silva Rego, Carmen
- 00:33:20 - Benavides Alonso, Daniel
- 00:35:37 - Benavides Alonso, Daniel
- 00:38:21 - Silva Rego, Carmen
- 00:38:35 - Alonso Suarez, María Olga
- 00:41:41 - Silva Rego, Carmen
- 00:41:49 - Silva Rego, Carmen
- 00:41:55 - Votación [9:51:05]
- 00:42:23 : 5. Moción do grupo municipal Socialista sobre medidas no CIFP Manuel Antonio. Expte. 5256/1101
- 00:42:45 - Alonso Suarez, María Olga
- 00:47:42 - Silva Rego, Carmen
- 00:47:57 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:53:05 - Silva Rego, Carmen
- 00:53:13 - Benavides Alonso, Daniel



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/01/2026 14:59

Páxina 45 de 47

5280-1101

CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 00:58:14 - Silva Rego, Carmen  
 00:58:19 - Benavides Alonso, Daniel  
 00:58:24 - Alonso Suarez, María Olga  
 01:01:35 - Silva Rego, Carmen  
 01:01:40 - Silva Rego, Carmen  
 01:01:57 - Votación [10:11:07]
- 01:02:27 : 6. Moción do grupo municipal Socialista solicitando a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial a cofinanciación das obras do Estadio de Balaídos. Expte. 5257/1101.
- 01:02:49 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:07:01 - Silva Rego, Carmen  
 01:07:07 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:12:12 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 01:16:57 - Silva Rego, Carmen  
 01:17:09 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:20:15 - Silva Rego, Carmen  
 01:20:24 - Silva Rego, Carmen  
 01:20:36 - Votación [10:29:46]
- 01:21:23 : 8. Moción do grupo municipal Socialista solicitando o cese da Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático. Expte. 5255/1101.
- 01:21:48 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:26:19 - Silva Rego, Carmen  
 01:26:29 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:29:56 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:30:13 - Gonzalez Abeijón, Fernando  
 01:35:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:38:24 - Silva Rego, Carmen  
 01:38:42 - Votación [10:47:52]
- 01:39:14 : 9. Moción do grupo municipal do BNG sobre a definición das zonas de baixas emisións na cidade de Vigo. Expte. 5252/1101.
- 01:39:26 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:44:29 - Silva Rego, Carmen  
 01:44:35 - Martín Peña, José Miguel  
 01:49:37 - Silva Rego, Carmen  
 01:49:44 - Rodríguez Calviño, Patricia  
 01:54:17 - Silva Rego, Carmen  
 01:54:28 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:57:35 - Silva Rego, Carmen  
 01:57:42 - Votación [11:06:51]
- 01:57:57 : 10. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno local a impulsar medidas reais e efectivas a prol do pequeno e mediano comercio de Vigo diante da crise que atravesamos. Expte. 5253/1101.
- 01:58:15 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 02:03:17 - Silva Rego, Carmen  
 02:03:27 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:08:35 - Silva Rego, Carmen  
 02:08:39 - Iglesias González, Ana Laura  
 02:13:36 - Silva Rego, Carmen  
 02:13:49 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 02:16:48 - Silva Rego, Carmen  
 02:19:38 - Votación [11:28:48]  
 02:19:39 - Silva Rego, Carmen
- 02:20:05 : 11. Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as de Área de Goberno e concelleiros/as delegados/as; dación de conta. Expediente 1483/1102. (Expte. Pleno 5205/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 46 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 02:20:23 : 12. Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 17/11/25 e o 18/12/25; dación de conta. Incluídas no expediente do Pleno 5248/1101.
- 02:20:39 : 13. Resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 17/11/25 e o 18/12/25; dación de conta. Incluídas no expediente do Pleno 5247/1101.
- 02:21:00 : 14. Formulación de rogos.  
02:21:09 - Martínez Piñeiro, Ana  
02:21:31 - Silva Rego, Carmen  
02:21:38 - Martín Peña, José Miguel  
02:21:56 - Silva Rego, Carmen
- 02:22:02 : 15. Formulación de preguntas.  
02:22:07 - Abalde Comesaña, Filipe  
02:22:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
02:23:49 - Silva Rego, Carmen  
02:24:11 - Martín Peña, José Miguel  
02:24:25 - Silva Rego, Carmen  
02:25:24 : [FIN]

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e trinta e catro minutos (11:34) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 23/2025, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2025.  
sc.

A PRESIDENCIA  
M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO  
Jose Villán Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/01/2026 14:59	Páxina 47 de 47
5280-1101	CSV: ADB3AF-A822AB-BDD5D8-3ZKMDP-CDD1TL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		